

# O PUNTO SEN RETORNO

**Domix Garrido**



Ou a orixe das miñas accións. Evidentemente non podemos debullar un elemento dunha granada sen desmembrar a súa estrutura, mais podo tentar describir a miña granada desde fóra, xa que desde dentro é máis complicado é agardo que flúa de acorde co propio texto.

Como comezar, onde está a punta do fío?

Comezo constatando que o meu salto ao baleiro da acción prodúcese nun momento vital da miña vida (nada máis orixinal, como adoita ocorrer cos artistas). Período onde necesito expresar os meus cambios máis aló dunha páxinas engurradas na mesa de noite, máis aló da lectura dun libro de autoaxuda, tamén moito máis aló de conversas transcendentais e desde logo infinitamente máis afastada do cotián dos días brancos, grises e anódinos.

Reflexión ou materia, esta é a cuestión, sempre reflexionei e "case nunca" entrei en materia... materia.

Unha foto de Gabriel Orozco, *Mis manos son mi corazón, é o punto* de partida de algo que non sei aínda que é, pero percibo que está vivo, latente.

Materia, materia, materia... atópoa por casualidade, abandonada xunto aos contedores do lixo en Cartaxena: un xustillo corrector dorsal, para evitar a desviación da columna. Ese momento foi claro, chamábase, era para min. Cóllo alterado pero consciente, excitado pero atento, é dunha moza, aínda leva o seu nome no interior

escrito con bolígrafo sobre unha tira de esparadrapo e... aínda, adheridos, vexo pegados longos cabelos negros...

Que facer con ese xustillo ortopédico?

Simplemente poñelo e... deixar que fale. Xa estaba nacente a miña primeira acción, intuín, era unha chamada tan forte que non podía ignorala, non quería. Ese intre fica gravado no meu corazón como un momento transcendental, holístico, ontolóxico, vital, máxico e fecundo.

Eu estaba "torcido" como a columna desa moza... necesitaba axuda externa. Tomei con cariño ese aparello, un corrector que faría retornar o meu corazón e o meu espírito desviado ata o seu leito orixinal, primixenio. Non precisamente para volver ao punto anterior, senón para reenviarme ao punto inicial, á orixe, ao centro da espiral.

Durante, antes ou despois, non lembro nin se é relevante, nesa etapa, nese punto considero: que fago agora?, como atravesar isto?. Só tiña claro que debía atopar a maneira de focalizar esta ansiedade de xeito creativo.

Reflexiono sobre a miña traxectoria humana, familiar e social: pasei por diversas etapas, como se diría, típicas: amor, árbore, fillo, libro, escenario, empresa... pero sabemos que non é suficiente, debe haber algo máis...se o hai.

O meu valente enfoque, tendo en conta o punto no que me atopaba, foi necesario para evolucionar: *debo facer aquilo que máis medo me dea facer, aquela cousa ou acto*

*que realmente me dea unha volta ás tripas sen que nin sequera o considere... que podería ser? Non podería verme marcado outro obxectivo menos incómodo?*

Creo que estaba diante miña e me negaba a aceptalo, ata que un día me atrevín a pronunciar o seu nome: **performance**.

Por que unha performance?

Por que sinto que para min é o máis arriscado?

-Soidade: Enfoque en soidade, de creación, conceptualización e desenvolvemento en solitario. Ti es o máximo responsábel.

-Obriga: Pensar, sentir, ver de outra forma e esforzarte en usar outro punto de vista como posíbel e lícito. Apertura.

-Desamparo. Non existe o papel asinado ou escrito por outra persoa onde refuxiarte. Porén, si rolda unha idea, unha estrutura espida que se encarna durante o desenvolvemento.

-Exposición. Acción ante o público, en vivo, directamente, sen artificios, barreiras, distancias nin imposturas. Nú.

-Risco. Non ensaio, non se practica "antes" da súa creación. A creación en si mesma dáse durante o proceso: sen o risco da exposición non culmina o proceso.

-Respecto. Audiencia convocada ou non. Público ou viandantes. Non importa o espazo, o motivo ou a forma, ante toda atención, consideración e igualdade.

-Irreverente. Unha expresión aínda non recoñecida oficialmente. Só amparada por algúns xestores de institucións. Aínda non

aceptada pola nosa cultura social... acostuma arremeter contra ela. Cuestionamento de todo o establecido.

-Baleiro. Ningunha ou breves indicacións de cara onde dirixir o traballo creativo. Medo a saltar, sen rede. Incertidume, exploración, investigación.

O único sinal que percibes é: cara ti mesmo, cara o teu interior. Cuestionar se é ou non egoísta, incluso se "o teu mundo" non carece de interese para os demais... é posíbel, é probábel, mais o meu compromiso foi que utilizaría esa introspección, non para falar sobre "min", se non que empregaría estas ferramentas comúns, como os sentimentos e as necesidades básicas, para aproveitálas como un trampolín onde expoñer, da forma máis bela posíbel, todas as actitudes humanas e desexos colectivos, a dor unitaria espaxada sobre calquera parte do mundo, migrado de contexto, ás veces intolerabelmente humanista, outras irreverente.

Precisamente ese espírito de respecto foi o que me acompañou e me acompaña en cada acción na que me permito traballar... unha actitude que me faculta para poder entrar, sen permiso, a estados onde normalmente non miramos, onde non nos permitimos entrar por non ferirnos. Doe ver verdades. O curioso: descubrín que grazas a lembrar permanentemente a miña orixe, o meu encontro, a miña eclosión ou erupción á performance, grazas a esa sensación... permíteme estar nunha actitude privilexiada que dá acceso á profundidade emocional do que mira. É fugaz, sei...como tamén sei que hai momentos que o sinto tan palpábel e tan

real como efémera a miña vida. É a realidade, a sensación de liberdade que me ofrece sentirme fóra do círculo coherente, o que me dá forzas para volver a romper esa burbulla ficticia, formal e consensuada que nos envolve a cada un.

eu sinto o que el sente  
el sente o que ti sentes  
ti sentes o que ela sente  
ela sente o que eles senten  
eles senten o que elas senten  
elas senten o que vosouttras sentides  
vosouttras sentides o que vosoutros sentides  
vosoutros sentides o que nosoutros sentimos  
nosoutros sentimos o que nosoutras sentimos.

Esta foi a plataforma que me impulsou a abrir o meu corazón, corazón de arxila... e que me permitiu osmar na miña caótica intimidade: permitir que outros, unha audiencia, uns estraños puidesen penetrar no máis íntimo e profundo dun ser tímido e ciumento das súas emocións, á vez dotado dunha gran resolución... un artista potencial que quería servir como transmisor, como canle, unha antena máis... que se vincule a outras iguais... outras ás que tería ocasión de descubrir. O mellor, a sorpresa foi que ao difundir a miña primeira emisión, deca-teime que o meu protocolo de rede inalámbrico falaba no mesmo código que outras antenas que xa existían e admiraba (sígoas respectando profundamente). Outros emisores de luz, de altas vibracións que me inundaron. Outros seres de luz.

Cando comecei a emitir, a primeira vez, foi algo realmente máxico. Honestamente dubido que sexa capaz de transmitir aquí

cando menos unha mínima parte do que significou ese momento para a miña evolución. A serie de "casualidades" que se concatenaron para que a miña primeira acción, que falaba do corazón e titulada *MUY FRÁGIL*, significase un antes e un despois na miña vida: vida-arte, arte-vida.

Arte-Vida: enténdoo como a capacidade da ARTE para impregnar a túa vida. Faslle un oco na túa casa, no salón principal e permíteslle...pídelle que che fale e te arrole coa súa capacidade lúcida e reparadora. Unha actitude con capacidade para transformar a túa VIDA nunha obra artística, pública. Poucos, moi poucos o conseguen, non nos enganemos, a poucos, moi pouco llo permitimos.

Se eu me tivese aferrado a unha negativa auto-valoración, posíbelmente non me atoparía escribendo esta reflexión nin posteriormente ti estarías a lela. Por que? Moi sinxelo, o meu primeiro impulso e dúbida razoábel foi facerme esta pregunta: que lle teño que dicir ao público? Que che teño que dicir a ti, en linguaxe artística, que non estea xa notificada e expresada? Serei capaz de facer algo orixinal, aínda?

A miña resposta sei que aínda está en camiño e aposto que se presentará por dous camiños: a forma en que o farei para ti, sempre que esteas disposto a ver, ler, oír ou sentir, a maneira de expoñelo, e o tema que propoña, que sexa algo interesante, aínda que sexa algo estraño ou pouco accesíbel; ambos brazos exporanse ás críticas, non só dos interesados na arte, se non

tamén de persoas anónimas, a maioría das veces afastadas dos circuitos de arte contemporánea (estas críticas ás veces sorprendenno positivamente). A mensaxe que eu quero expoñer xorde da parte máis sutil do meu espírito, da parte máis fráxil e pura... polo tanto tamén da parte máis salvable, cruel e irracional.

E para que aparentar outra cousa que non ser ti mesmo?

Esta é a orixe, ao meu modo de ver, a orixe da necesidade da acción. Non necesitas ser outro que ti mesmo...expor, evidenciar e desentrañar os teus medos, as túas inquietudes e fracaso e... por que non, os teus brillos, as túas conclusións.

E agora... que máis necesitas para lanzarte e facer arte?

Os artistas que conseguen facer da súa obra unha canle limpa de comunicación descubriron a vía ou forma que máis se adapta a súa expresión, os performers temos unha vía máis ou menos definida, máis ben menos (creo que somos os artistas que máis dubidamos da nosa propia vía de expresión) e ese punto é algo positivo...podemos investigar e re-crear novos campos, iso é o marabilloso e o vertixinoso da acción: non temos límites á hora de buscar calquera elemento, espazo, tema ou actitude.

Por outro lado, non é necesario ter unha formación académica especializada, pois non hai especialización que te faculte. Inde-

pendentemente, se profundizaches na teoría que enmarca a túa expresión, se te documentaches aínda que fose de maneira autodidacta, será un valor engadido á túa creación e traxectoria, á túa exposición e dialéctica.

Imaxinas unha titulación así?: Licenciado en Performance Art. *Especialidade en pedras e auga*, ou *Especialista en Berros*, ou ben este outro: Grado en Arte de Acción: *Master en Papeis mordidos...* ou *Especialista en aproveitar todo o que ten ao redor*, ou *Master en comer os alimentos necesarios para a expresión*. A listaxe sería infinita... por iso, calquera persoa que queira, que sinta a necesidade de expresar a través de "non sei que" e que se tivese formado ou practicado costura, pintura, modelado, interpretación, debuxo, danza, electrónica, vídeo, música, canto, poesía, son, agricultura, carpintería, bioloxía, fisioterapia, iluminación, escritura, cociña, encadernación, enxeñaría, arquitectura, filosofía, antropoloxía... é capaz de realizar unha acción interesante. Isto, pensarás, é tirar pedras sobre o meu propio tellado... e?, se entón te cuestionas se calquera pode chegar a ser *performer*, a miña resposta é categoricamente si! Todos podemos facelo, sempre que adquiras unha responsabilidade ante a mirada do outro. Para min iso é unha peza fundamental, o respecto: se ti respectas, respétanche, se te mofas, mofaránse, se te cres superior, miraránche por riba do ombreiro.

TODO É RECIPROCIDADE. Intúo que a canle de comunicación, é un carril de dobre sentido, a comunicación xamais é unidireccional, nin

sequera as conferencias máis aburridas e sisudas ás que asistimos, o problema está en que o conferenciante ou emisor non se entere e teña bloqueado o sentido de retorno, que non reciba e tan só se preocupe de soltar, soltar e soltar sen erguer a vista do papel ou se o fai, pensa en que o seu discurso é incuestionábel e que todos calan para escoitar a súa marabillosa e prolongada exposición (ás veces nin sequera isto lles preocupa).

Tamén hai artistas en todos os ámbitos, que non se esforzan por comunicar, ou ben xa o fixeron no seu momento e non o volven facer pois iso require unha actitude constante de escoita e atención e moito esforzo. Ou ben xamais a tiveron e por azares do destino, cruces ou vantaxes teñen certo recoñecemento mediático e non se preocupan xa de que o seu discurso sexa honesto. Hai artistas que non entran xa nesa actitude, prefiren "vivir de rendas" e deixan á providencia e sen máis interese, os golpes de efecto da súa arte. É triste, pero é así.

Volvendo á miña primeira acción, aquela que comeza a fraguarse nas miñas mans, a miña materia, unha materia que xamais tiña utilizado, comeza a tomar corpo fronte a unha cámara de fotos. Casualmente, ao fondo da parede, onde tomo as miñas primeiras imaxes (para ver o meu aspecto exterior) hai un cartel que rezaba: ART AGAINST STIGMA, eu estaba estigmatizado pola dor, e paradoxicamente, arte e o amor foi o que me recuperou. Non só conseguín conectar, se non que me elevou a límites insospitados. Durante ese proceso tiven

multitude de soños, en absoluto foron pesadelos, sobre a MORTE. Comezaron a roldar pola miña cama, ao tempo que pola miña cabeza se cruzaban infinidade de ideas, escenas, documentos, imaxes, lecturas e reflexións sobre a morte. Eu interpreteino como un cambio de vida, un cambio de estado ou actitude...nada máis desexado, morrer en vida e renacer dentro dela con outro corpo, outra mentalidade e por suposto outro ímpeto. Este cambio era evidentemente unha morte da miña anterior vida e un renacemento á consciencia... á miña flamante vida nova. Casualidade? Despois de sentir o que sentín, vivir o que vivín e soñar o que soñei, podo asegurar que nada é unha coincidencia. Desde entón deixei de crer na casualidade.

Có tempo descubrín que son un ser de acción máis que de redacción, aínda que as miñas orixes foron "escritores"...no que concirne a este estudo que me ocupa agora e no que me centrei, redáctoo sen unha estrutura clara para os apartados ou parcelas a delimitar, creo que vai todo mesturado, tal cal a vida mesma. Este estudo ou reflexión representa unha idea que agroma sen deixarlle ao cerebro moito tempo para pensar, non quero que reflexione moito, non quero presentar un artigo formal e coherente, non é o meu estilo (aínda que recoñezo que gustaría). Deixar renda solta á expresión é unha liberación. Recoñezo que todo o que vén despois como ordenar, corrixir, argumentar ou pulir pertence ao reino da mente, da redacción, das normas de publicación, dos entendementos ou da literatura, non pretendo facer nada diso.

Non son escritor, por fin o dixen, xa o recoñecín, non son poeta, xa o recoñecín, non son actor, xa o recoñecín, nin xamais gañarei o Nobel nin o Oscar como todos os mozos soñamos algunha vez, sei que nunca pasará, por iso creo que o mellor é coñecerse, recoñecerse e aceptar como é cada un (que liberación).

Eu penso que son estruturado e metódico, son caótico, eu penso que son práctico e me vence o impulso do momento, a non planificación. Na miña cotidianeidade quizais eu crea unha cousa de min mesmo e para o resto aparente todo o contrario, pero no concernente á miña actitude ante a vida si que é certo que deixo que as cousas ocorran, que flúan. Non deixo de buscar... e por conseguinte de atoparme. Fluír.

Unha pulsión que incontrolable emana de moitos artistas performers e que lles obriga dalgunha maneira á xestión e promoción de encontros de arte de acción, parte dunha necesidade innata de propiciar estes eventos para rodearse dos seus iguais. Creo que esa cualidade responde a unha necesidade de suplir as carencias estruturais que padece esta corrente artística: a súa visibilidade entre outras artes, o seu coñecemento entre "o gran público". Ao tempo que xorde a necesidade de manter elevada a categoría desta manifestación artística.

Loitar para distinguila e diferenciala do equívoco significado que ás veces recae sobre a performance como:

A) É gratuita. Unha arte que non se pode cuantificar nin valorar economicamente. Allea ao circuíto comercial, por tanto non é arte "rexistrada" e é menospreciabel.

B) É informal. Improvisase na rúa e por tanto carece de recoñecemento académico curricular.

C) É sexual. As erroneamente denominadas "performances" que se presentan como shows en discotecas relacionadas con strip-tease e espidos provocativos.

D) É improvisada. Actuacións sen preparación previa, totalmente improvisadas e sen estrutura nin base teórica.

E) É pobre. Uso dunha simple idea ou elementos cotiáns confunden a un público que non outorga valor artístico ao traballo feito con conceptos ou materiais comúns.

Estas son algunhas das razóns que nos motivan a determinados artistas para complicarnos a vida, roubarlle tempo á nosa creatividade e adicarlle á promoción de encontros de arte de acción. Á parte positiva engadida destes encontros é que gozas con outras accións, aprendes, compartes experiencias, establece amizade e desenvolves un campo de investigación e experimentación fenomenal. Desmitificar a corrente errónea que desvirtúa o seu verdadeiro significado e aplicar, como o meu xustillo ortopédico, unha corrección a tempo, realizar un acompañamento ata que a performance poida continuar o seu camiño, por o seu propio pé, independentemente e sen levar a ninguén a erro.

Se nós mesmos non o facemos, indubidabelmente ninguén o fará. Este tema é unha cuestión que moi poucas veces se aborda, a pesar de ser unha estrutura dunhas 30 organizacións, eventos, centros ou festivais os que tentamos difundir a acción na península ibérica. É curioso, somos tan numerosos como varios países do noso entorno xuntos. Isto quere dicir que hai un interese latente por isto, e nun período económico tan nefasto como este para a cultura, onde importantes festivais (caso *eBent*) non poden continuar de momento coa súa actividade, florecen novas formas, unhas auto-xestionadas, outras subvencionadas con mínimos recursos e outras tentando instalar a fórmula máis coherente que creo que debe prevalecer: a de PAGAR pola asistencia a este tipo de manifestacións cando se realicen nun local ou espazo pechado. Esta actitude sei que está en contra da corrente imperante, pero... se queremos asistir a unha performance, eu como público entendería que debo pagar ao artista, igualmente que se vou a un concerto ou a unha obra de teatro... a época que se achega, mellor dito, que xa está aquí, abócanos a iso, a pagar (polo menos algo) pola cultura que queiramos disfrutar, este cobro está destinado aos artistas e ao seu material, ás súas viaxes, ao imprescindíbel para cubrir os seus gastos máis básicos e aos do local, se temos o apoio institucional péchase o círculo.

Entendo que non podo escribir sobre a acción en xeral sen falar do meu proceso interno nin do meu traballo externo, o un como creador, o outro como promotor, pois

ambos van indisolubelmente unidos a min, quizais un día sexa capaz de crear sen organizar ou ben de organizar sen crear... pero eu entendo a organización como creación e a creación como organización.

Cando creas organizas o teu caos, as túas emocións, plásmalo nunha folla de papel, na túa mente, nunha melodía, nunha luz... é necesaria a organización para que ese caos creativo tome forma entendíbel e poidas comunicar a túa intención.

Cando organizas tamén é un proceso creativo, debes pór en marcha unha maquinaria con moitos elementos para que unha vez en marcha se converta nun movemento continuo, alerta aos cambios e adaptando o teu discurso á improvisación.

Creación-organización, todo nun. Se non tes unha padeces, se non tes a outra tamén. O certo é que o traballo e o disfrute son distintos, os motivos de preocupación tamén. Se tivese que escoller, sen dúbida escollería... a creación.

A creación é descubrir novos mundos, inventar, traballar en prol dunha atmosfera que non sabes como cheirará ata que non a esteas a desenvolver, ata que non te vexas a ti mesmo cós elementos que seleccionaches, ata que non notes o seu tacto á vez que o corazón se acelera e os sentidos se agudizan infinitamente.

A concentración que acadas no momento da acción, se estás conectado, se tes claro o que queres emitir ou pola contra te deixas

arrastrar polo arrebatado creativo... sexa cal for o modo, o resultado, a sensación é algo inexplicábel. Aínda que non saibas moi ben como o estás a facer nin como acabará... se tivese que sintetizalo nunha soa palabra, esa sería FLUÍR. A sensación de fluír é a que obtés cando sabes que estás niso, cando sabes que vas desenvolvendo a idea no seu punto e descubres que estás en sintonía co teu entorno, coas vibracións que sentes, en harmonía coa audiencia, cando isto ocorre sabes que estás COMUNICANDO, de maneira estruturada ou caótica, non importa.

Só ti como creador, sabes, es consciente de ir a lombos do dragón ou non, sabes se a traxectoria que levas é a adecuada ou non, se a mensaxe que estás a emitir, premeditada ás veces e outras sorprendentemente inesperada, está a calar na audiencia e se fai entendíbel. Non se pretende chegar a todo o público, por suposto, pero sabes que se hai unha boa conexión ou pola contra non gusta, non chega, a cuestión depende de ti, do creador, do que expón e se expón. Sendo a mensaxe coherente, independentemente do criterio externo do momento, é o que debe importarnos, a cohesión nese momento creativo.

O punto sen retorno claramente débúxase cando probaches unha vez a vertixe da exposición sen coraza ante a audiencia... coraza no sentido de protección cun texto, cun ensaio, cun grupo... sen posibilidade de emendar aquilo que cres mellor modificar, aquilo que pensándoo ben cres conveniente borrar para que o público entenda mellor a túa obra ou mensaxe... ou simplemente



ocultar ou revalorizar aquilo que cres máis adecuado, mellor... unha vez meditado, repousado. Aquí iso non é posíbel. Na acción hai cousas que non nos podemos permitir... non podemos utilizar, non podemos protexernos e... ISO É A ACCIÓN

ISO É A ACCIÓN. Texto non-stop xurdido tras...O punto sen retorno... a modo de liberación, supoño.

A maxia do momento, o espectáculo interno que gozamos cando conectas con algo externo a ti, desde o punto máis crucial, desde a embaixada da paixón, desde a alegoría do pensamento e a liberdade, desde a montaña do pracer, desde a vertixe da aposta máis arriscada, desde o extremo do patíbulo burocrático contractual que é a mediocridade. Esa rama do amor a todos que provén da estrutura simbólica da traza xenuína e aloucada que supón a liña creativa, os trazos marcados pola escritura desbordada, pola pulsión toleada da ópera, pola mesura do bico apaixonado enigmático e silencioso tras as augas verdes do Pacífico. Pirata do momento, bucaneiro do mañá e mercador do pasado, esa é a acción, unha viaxe sen retorno, un salto ao Yves Klein sobre as mareas do horror, da máscara contra o vento, da sensación intempestiva da mañá, en bebida con sabor a porto e salitre do século XVIII, en cidade estraña, esa é a acción, esa é a maneira que temos os que dubidamos de ser verdadeiros artistas e admiramos as obras e obra de grandes creadores que admiramos pola súa persistencia e pola súa claridade á hora de dicir, ::artistas que cren en si mesmos, que fan da súa vida unha obra de arte:: e nós,

desde o recuncho do libro, da enciclopedia, do computador, desde a nosa paixón de sofá ou cadeira de brazos sen orelleiras, crémomos e facemos que a súa paixón sexa transmitida con, iso, paixón, até soltar corazóns... saltando os vidros rotos, evitando as salpicaduras do sal sobre as feridas... eles e os seus poemas, elas e as súas descrições, os seus trazos, os seus dentes ao libro, dentadas ao dicionario, acuíferos de dor sobre os xornais mollados da mañá, sobre as flores murchas que depositan os fieis sobre as tumbas acordoadas, baleiras e húmidas, acordoadas, baleiras e húmidas dos arrozais invernaís? ISO É A ACCIÓN, ISTO É A ACCIÓN, AQUÍLO SERÁ A ACCIÓN, debaixo de innumerábeis fazañas, mazas, mordazas e aniversarios murchos, verdes pradarías ocultas sobre as selvas que habitan os monos dos créditos.

ISO É O LORDO DO ESTRIBO, un enxame de introspectivas sensacións, de assemblearias manifestacións de paixón, polifonías de coral, bandadas de paxaros voando sobre as tumbas sacras dos nosos mestres, da música engolada dunha paixón, das ministras, das voces femininas, corais de paixón, abrazos de caramelo queimado, tostado como a cana de azucre, as noces sobre a amendoeira, e as súas flores en ermidas afastadas dos camiños empedrados, ermidas do silencio, aludes de sensacións pouco sementadas, sintéticos rozamentos coa pel sobre as sabas, ensanguentadas peles no Ártico e bocas cheas de beizos por descubrir... ISO É A ACCIÓN trompetas deténdose sobre as murallas que anuncian os límites do deserto, sintonías que lembran películas

de Hollywood e encontros en 4 fases previamente anunciado, escritura performática, de fondo unha melodía que evoca a mazá de Proust, como Maragall en BCM, timbres de bicicletas ocultos tras as nubes vantaxosas das mandarinas entornadas entre as pupilas dos pupitres, e os voitres comen, cean e aman sobre os pianos de cola que se afectan de todo menos do cheiro acaramelado da súa parella, dos vestidos de raso e satén que levan as cantantes e as botas que portan os militares cando montan os cabalos dos prusos, os austríacos e suízos celebran todo o que poden a vitoria da monarquía... os demais non podemos, non queremos e cáenos a arma ao chan pola suor, a dor e a sensación de perder unha nación, libre, podrecida polos vermes avariciosos da mazá dos ósos de ouro, e dos ósos doutros... iso é, os irmáns enmarcados nunha sensación de plenitude valente, de rebeldía de zapatos brancos, de coros de fondo, xénese estático que merece a espera por parte da humanidade, a xénese da creación, dos perigos dos barrancos e os abismos, dos teatros e as garantías intermedias que merecen a aprobación dos ministros para sentir e sentirse importantes pois senón non deben conducir as súas cociñas xuntas aos amigos, as chamadas do piano, do futuro incerto que non debe deixar de pasar, pasar por unha sensación dolorosamente cruel que non deixa senón estar preto da túa amabilidade da túa outra mobilidade de fin de século e principio de ano, é só unha maneira de esquecer todo, as crenzas, das axudas.. ISO É A ACCIÓN, ISO É A ACCIÓN, a de escribir freneticamente sen

deterse en crear unha palabra nova, tan só unha nova lingua sobre os teus dentes, unha nova sensación de sangue entre os teus ollos, nas túas meniñas de flúor amarelo, de fondo de barcos, de colares nas manifestacións sen detección, das educacións abertas ao abrir un pozo na terra, unha batería de accións que deben o seu nome á maraña de sensacións, moralidades, sen ser ti realmente, tan só ser unha forma de manifestar as emocións, como ao nacer, o pranto manifesta plenamente o que queremos explicar, dicir, chorar, amar...e a túa nai mírate en tanto cheiras a leite, sabas e escoitas berrar, berrar sen parar...o silencio é unha forma activa de manifestar a ritualidade esperanzada de deter esta fervenza de palabras, frases e letras que se mesturan nun lago de coñecemento das linguas, mensaxes, comidas para repartir a todas as mans, en mans escuras pola terra e flores de cores nas mesas de todo o mundo, de todos o que dispoñen de mesa e queres a sensación para comer unha cabaza de paixón procreada como unha cuestión tipicamente excitada, unha luva branca que reza a convicción que ti e eu estamos aquí, ISTO É A ACCIÓN.

